

REGULAMENTO TÉCNICO PARA VEHÍCULOS DE SLALOM

ARCO DE SEGURIDADE. Obrigatoria unha armadura de seguridade. Anexo J. Deb. 253-3-4. Salvo para vehículos de menos de 1200 cc ou eléctricos ata 80kw.

ARNÉS DE SEGURIDADE. Cada vehículo deberá estar equipado dun arnés homologado de seguridade de catro puntos de ancoraxe como mínimo. Os dous tirantes da espalda deberán telos puntos de ancoraxe separados.

ASENTOS DO CONDUCTOR. Si estivera montado sobre raís, ou si dispón de respaldo regulable, terá que fixarse de tal maneira que se converta en ríxido e inmóbil.

O asento irá provisto de repousacabezas, as dimensións serán tales que a cabeza do piloto non poda quedar atrapada entre o arco de seguridade e o repousacabezas.

LUZ DE STOP. Obrigatoria ó accionar o freo.

RODA DE REPOSTO-TAPACUBOS. Non será admitida dentro do vehículo. Deberanse suprimilos tapacubos das rodas.

FAROS DO VEHÍCULO. Terán que te-los esixidos, na Lei vixente de circulación, ou sexa, os orixinais de dotación do vehículo.

PROTECCIÓN DO CÁRTER. Autorízase montar un protector aínda que non veña montado en orixe.

RADIADORES. Os radiadores (de auga ou aceite) terán que ir montados segundo a disposición de orixe do fabricante. Como medida de seguridade, montarase unha mampara de maneira que os tubos e o radiador non podan producir queimaduras ó piloto, dita mampara será recuberta de material ignífugo.

CARBURANTE. Só se poderá utilizar carburante tipo comercial. Artigo 252.8 do Anexo J. Salvo eléctricos.

ESPELLO RETROVISOR. Será obrigatorio a colocación de dous espellos retrovisores situados no exterior do vehículo un a cada lado.

CORTACIRCUÍTO ELÉCTRICO. De conformidade co artigo 253.13, do Anexo J, os vehículos grupos "A" e grupo "X" deberán montar no lado esquerdo por diante do parabrisas o correspondente cortacircuíto eléctrico e terá claramente indicada a posición de abertura e peche e estar sinalizado por un triángulo azul, con borde branco de 12 cm. de lado, e un lóstrego vermello no seu interior. O cortacircuíto deberá cortar tódolos circuítos eléctricos e igualmente debe deter o motor do vehículo. Os vehículos grupo "N" poderano levarar soamente no seu interior. Salvo coches de estricta serie.

PARABRISAS. Será obrigatorio parabrisas de vidro laminado segundo o C.D.I. FIESTRAS LATERAIS E TRASEIRAS. É obrigatorio o uso de láminas de seguridade anti-deflagrantes, transparentes nas lúas das fiestras laterais, a lúa traseira, o teito solar (só para as partes feitas en cristal). O espesor de devanditas láminas non pode ser superior a 100 micras e deben ter unha marca para verificar a súa instalación. Permítese o uso de policarbonato transparente de 3 mm soamente nestas lúas. Salvo coches de estricta serie.

CASCO. É obrigatorio o uso de casco homologado conforme ás normas que se sinalan no Anuario do ano en curso da Federación Galega de Automobilismo.

HANS. É recomendable o uso sistema Hans homologado conforme ás normas que



se sinalan no Anuario do ano en curso da Federación Galega de Automobilismo ou en todo caso o uso de collarín.

ARGOLA DE REMOLQUE. O vehículo debe ter diante e detrás unha argola de remolque, pintada de cor vivo, amarelo, vermello o laranxa, que non debe de sobresaír do perímetro do vehículo. A argola débese montar de tal maneira que sexa fácil a súa localización. Salvo coches de estricta serie.

RECUPERADOR DE ACEITE. Se o sistema de lubricación posúe unha saída ó aire libre, deberá estar equipado cun recuperador de aceite dunha capacidade mínima de 2.000 c.c.

BATERÍA-ALTERNADOR. Se a batería desprázase da súa posición orixinal, a fixación á carrocería debe estar formada por un soporte metálico e dúas abrazadeiras metálicas cun revestimento illante ancorados ao chan por medio de pernos e porcas. Para fixar estas abrazadeiras deberanse utilizar pernos dun diámetro mínimo de 10 mm, e baixo cada un, unha contra placa por baixo da chapa da carrocería de, polo menos, 3 mm de espesor e, polo menos, 20 cm² de superficie (ver debuxos 255-10 e 255-11) e se está situada no habitáculo terá que recubrirse cunha protección illante e estanca. O alternador pódese suprimir.

DEPÓSITO DE GASOLINA. Caso de montarse un depósito que non sexa o de orixe, terá que ser de seguridade, e segundo a normativa FIA e especificada no artigo 14 do Anexo J do C.D.I.

PORTAS-CAPÓ-MOTOR-MALETEIRO. O material é libre a condición de conservala forma de orixe. As bisagras das portas e os seus mandos exteriores son libres. A pechadura de orixe do piloto deberá conservarse, pero pódese quitala guarnición. As fixacións do capó, motor e maletreiro, así como as súas bisagras son libres, pero deben ter catro puntos de fixación. A apertura desde o exterior deberá ser posible, deberase eliminalo dispositivo do peche de orixe. Autorízase a practicar ocos de aireación no capó do motor, sempre que non se permitan velos elementos mecánicos. Salvo coches de estricta serie.

PROTECCIÓN TUBEIRAS INTERIOR. As tubeiras, canalizacións e cables eléctricos que atravesen o habitáculo, deberán ser conformes ó artigo 253.3 do Anexo J do C.D.I.

EXTINTOR. Será obrigatorio, coas medidas de suxeición e características segundo os artigos 253.7.2, 253.7.3, e demais do Anexo J. do C.D.I.

MONO IGNÍFUGO E LUVAS. O piloto levará un traxe ignífugo homologado conforme á norma F.I.A., e según o Anuario da F.G. de A. do ano en curso, así como as correspondentes luvras.

